



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO MEDIO AMBIENTE

RELGA N.º 2000/141

Travesía de Arteixo, 243 – 1º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Ext. 3001

Fax: 981 64 18 15

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO E PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SALVAMENTO EN PRAIAS.

Na Casa Consistorial de ARTEIXO, a 5 de xuño de 2008.

COMPARECEN:

DUNHA PARTE: DONA PILAR SOUTO IGLESIAS, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Arteixo.

DOUTRA PARTE: DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ BLANCO, en calidade de Presidente da Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo, con CIF G15790926.

Da fe do acto a Secretaria Xeral do concello, D^a María Esther Álvarez Martínez, e de mutuo acordo.

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, é competencia da administración local "... *vigilar la observancia de las normas e instrucciones dictadas por la Administración de Estado sobre salvamento y seguridad de las vidas humanas.*"

Segundo.- Que A Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo constitúe unha asociación sen ánimo de lucro, tendo como obxectivos o desenvolvemento das funcións propias en materia de protección civil, en concreto as sinaladas nos plans de protección civil aprobados pola Administración Autonómica de Galicia.

Terceiro.- Que se ten asinado un convenio de colaboración entre ámbalas dúas partes, con data de 26 de abril de 2006, para o desenvolvemento das funcións propias en materia de protección civil, o cal é preciso modificar para o seu correcto cumprimento.

Cuarto.- Que as referidas modificacións, recomendan a sinatura dun novo convenio entre as partes no que se recollan estas, así como as cláusulas específicas referentes ao Servicio de Salvamento en praias.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO MEDIO AMBIENTE

RELGA N.º 2000/141

Travesía de Arteixo, 243 – 1º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Ext. 3001

Fax: 981 64 18 15

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

Recoñecéndose ámbalas dúas partes capacidade suficiente para obrigarse, subscriben o presente documento, que estará suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- A Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo comprométese a prestar o Servicio de Salvamento nas praias do termo municipal de Arteixo, de acordo coas directrices básicas establecidas pola Resolución do 22 de maio de 2001, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación da revisión e actualización do Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Plan Sapruga), homologado pola Comisión Galega de Protección Civil (DOG núm. 1118, do 19 de xuño de 2001).

Segunda.- Atendendo ao establecido na cláusula primeira, a Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo deberá realizar a contratación do persoal preciso, en canto ao número e á formación, para o correcto e efectivo funcionamento do servizo referido. De acordo con isto será esixible a realización de probas de aptitude entre as persoas que libremente sexan candidatas a formar parte deste servizo, sempre e cando cumpran os requisitos mínimos esixibles, os cales serán establecidos previamente á realización da selección do persoal. Da celebración das ditas probas de aptitude darase a oportuna publicidade para o xeral coñecemento dos aspirantes. En ningún caso existirá vínculo laboral algún entre o persoal seleccionado pola Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo e o Concello de Arteixo.

Terceira.- O Concello de Arteixo financiará integramente o custe salarial do persoal do Servicio de Salvamento, con cargo ás partidas orzamentarias destinadas expresamente a tal fin. O mencionado custe salarial será establecido de acordo á proposta realizada diante do órgano municipal competente, o cal deberá ordenar o libramento correspondente ós custes referidos con anterioridade ao remate da campaña de salvamento, establecendo como datas límites as seguintes:

- Antes do 15 de xuño do ano en curso liberarase a cantidade correspondente ao primeiro pagamento: 40% do total.
- Antes do 15 de xullo do ano en curso liberarase a cantidade correspondente ao segundo pagamento: 40% do total.
- Antes do 15 de agosto do ano en curso liberarase a cantidade correspondente ao terceiro pagamento: 20% do total.

Cuarta.- A Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo deberá xustificar os gastos derivados dos custes de contratación con anterioridade ao peche das contas anuais por parte do Concello de Arteixo, establecendo como data límite o 31 de outubro do ano en curso.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO MEDIO AMBIENTE

RELGA N.º 2000/141

Travesía de Arteixo, 243 – 1º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Ext. 3001

Fax: 981 64 18 15

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

Quinta.- O Concello de Arteixo cederá o uso á Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo de todo aquel material do que dispoña en propiedade ou concesión, o cal sexa útil e preciso para o desenvolvemento das funcións propias de salvamento e primeiros auxilios en praias. Asemade deberá facilitar á dita asociación todo o material que se considere imprescindible para o correcto funcionamento do reiterado servizo. Por outra banda, este material deberá ser devolto ao Concello de Arteixo unha vez rematada a prestación dese servizo en perfecto estado de uso e conservación, agás nos casos de que se estea a falar de consumibles, coa excepción dos danos causados no material derivados do uso do mesmo.

Sexta.- Para o seguimento do cumprimento do presente convenio, o Concello de Arteixo designará un técnico municipal que exercerá o control do Servizo de Salvamento de acordo co persoal contratado pola Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo para a coordinación do mesmo. En calquera caso, as actuacións a realizar por parte do Servizo de Salvamento deberán ser autorizadas polo Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, ou concelleiro delegado.

Sétima.- O presente convenio derroga o disposto no asinado entre as mesmas partes en data 26 de abril de 2006, para o desenvolvemento das funcións propias en materia de protección civil, entrando en vigor despois da sinatura do mesmo e prorrogándose anualmente de non mediar denuncia de parte.

En proba da conformidade asinan o presente documento tódolos comparecentes no lugar e data sinalados.



Asdo. Pilar Souto Iglesias
Alcaldeza-Presidenta do Concello de Arteixo

Asdo. José Manuel López Blanco
Presidente da Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo

Diante de min,



Asdo. María Esther Álvarez Martínez
Secretaría Xeral